

4.—*Presuposto base de licitación*: Importe total 134.458,47 euros.

5.—*Garantías esixidas*. Provisional: non se esixe. Definitiva 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6.—*Requisitos específicos do contratista*: a) Clasificación: non se esixe; b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a esixida no apartado 13 e 14 das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

7.—*Presentación de ofertas*: a) Data límite de presentación: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG. b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO c) Admisión de melloras: Non. d) Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

8.—*Apertura de Ofertas*: a) Dirección: Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) data e hora. Anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo (www.vigo.org).

9.—*Gastos de Publicidade*. Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.

10.—*Outras Informacións*.

Vigo, 13 de outubro de 2010.—A concelleira delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010011159

* * *

CRECENTE

E D I C T O

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ó exercicio 2009, e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cós documentos que a xustifican na Intervención desta Entidade, durante quince días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formular os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante este prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade có disposto no artigo 212 TRLFL aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Crecente, a 15 de outubro de 2010.—O Alcalde, Julio C. García-Luengo Pérez.

2010011170

* * *

O GROVE

A N U N C I O

BASES XERAIS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA VACANTE NESTE CONCELLO DE O GROVE DE INXENEIRO DA EDIFICACIÓN INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto cubrir unha praza de enxeneiro da edificación, incluída na oferta de emprego público e reservadas no cadro de persoal a funcionarios de carreira.

SEGUNDA. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA

— 1 praza de Enxeneiro da Edificación, encadrada na escala.

de Admón. Especial e integradas no grupo A1, por quenda promoción interna.

TERCEIRA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de concurso-oposición por promoción interna. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos axeitados ás características da praza consonte o baremo que se detalla na base décimo terceira.

CUARTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non excederen, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír o título académico de Enxeneiro da Edificación.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a que aspira.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que houberse estado separado ou inhabilitado.
- f) Ter ingresado na Tesourería do Concello de O Grove a cantidade de 30 € como dereito de exame.
- g) Acreditar unha antigüidade de dous anos na subescala técnica de Admón. Especial no Concello de O Grove, o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2) Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

QUINTA. SOLICITUDES

1) As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Grove.

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo, achegándolle unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios, xustificante de ingreso dos dereitos de exame e, no seu caso, a documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso debidamente compulsados.

Neste senso, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o extracto no Diario Oficial de Galicia.

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de O Grove, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina

de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

4) Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

5) A documentación acreditativa dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse, debidamente compulsada, nos termos e condicións que se sinalan na base décimo terceira.

SEXTA. DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1) Finalizado o prazo dos dez días naturais fixado para presentar as solicitudes o Sr. Alcalde ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios.

3) Contra a resolución do presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. Os membros do tribunal cualificador serán designados polo presidente segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

4. A composición do tribunal será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

5. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

7. A Presidencia, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista de admitidos, publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

8. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento

administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

9. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

10. A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

NOVENA. EXERCICIOS DA OPOSICION

PRIMEIRO EXERCICIO: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun test de 40 preguntas, escollidos polo Tribunal Cualificador, durante un período máximo de 90 minutos, sobre materias previstas no anexo.

SEGUNDO EXERCICIO: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na resolución dun suposto práctico, que determine o tribunal, durante un prazo máximo de dúas horas en relación coas materias contidas no programa; os aspirantes poderán consultar textos legais e coleccións lexislativas.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

DÉCIMA. COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio da proba selectiva convocada serán determinados polo presidente mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo menos con 15 días naturais de antelación.

2. Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados, que resolverá o tribunal.

3. No concurso-oposición o tribunal deberá reunirse antes de que se inicie a fase de oposición co fin de efectuar a valoración e a cualificación dos méritos achegados polos aspirantes.

4. Os aspirantes deberán presentarse para realizar os exercicios provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

DÉCIMO PRIMEIRA. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1. En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.
2. A orde de actuación dos opositores para realizaren aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea será determinada mediante sorteo polo tribunal en presenza dos aspirantes e inmediatamente antes de iniciarse o exercicio.
3. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.
4. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.
5. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.
6. Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia cós membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, excepto a lectura por parte dos opositores dos exercicios escritos, que serán públicos.
7. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o presidente que os nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99.

DÉCIMO SEGUNDA. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición será cualificado entre cero (0) e dez (10) puntos, necesitándose para aprobar cada un dos exercicios obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

No exercicio tipo test o tribunal determinará o número mínimo de respostas acertadas que se requiren para superar a proba, en función da complexidade técnica destas e das peculiaridades propias da praza convocada.

2. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.
3. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

DÉCIMO TERCEIRA. CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO

1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse fidedignamente con documentos orixinais ou unha copia autenticada acreditativa daqueles.

A suma das puntuacións obtidas no concurso non poderá superar o 40% da suma de puntuacións correspondentes á fase da oposición, e os títulos necesarios para acceder a outro superior non se computarán cando estes se valoren.

2. Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características de cada praza, segundo o seguinte:

B A R E M O*a) Experiencia profesional:*

— Por servizos prestados no Concello de O Grove en prazas de igual ou similar contido profesional á convocada, 0'50 puntos por ano de servizo ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de cinco (5) puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación acreditativa, expedida pola Admón. pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social.

b) Méritos académicos:

— Por ter o título de doutor 1 punto.

— Por ter realizado un máster ou cursos de especialización cunha duración superior a 150 horas, relacionados co contido da praza obxecto desta convocatoria 0,60 puntos/máster ou curso de especialización, ata un máximo de dous puntos.

— Por ter realizado un curso de Técnico en Prevención de Riscos Laborais, tres especialidades, 2 puntos.

c) Cursos:

- Por ter asistido a xornadas, congresos, simposios, seminarios ou cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidade Autónoma e Admón. local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública relacionados coa praza á que se opta (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo Nacional de Formación Continua), ata un máximo de tres (3) puntos, computándose:

- 1) De 300 ou máis horas de duración 0,75 puntos/curso.
- 2) De entre 200 e 100 horas de duración 0,65 puntos/curso.
- 3) De entre 99 e 50 horas de duración 0,35 puntos/curso.
- 4) De entre 49 e 10 horas de duración 0,10 puntos/curso.
- 1) De 10 ou máis créditos 0,75 puntos/curso.
- 2) De entre 6 e 9 créditos 0,35 puntos/curso.
- 3) De entre 3 e 5 créditos 0,15 puntos/curso.
- 4) De 1 ou 2 créditos 0,10 puntos/curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración da xornada, congreso, simposio, seminario ou curso en créditos ou número de horas.

Así mesmo, no se computarán as xornadas, congresos, simposios, seminarios ou cursos de duración inferior a un crédito ou dez horas.

3. Os interesados poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte á publicación das puntuacións outorgadas na fase de concurso no taboleiro de anuncios.

4. A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

5. Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.

6. A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

DÉCIMO CUARTA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas no proceso selectivo.

4. Non obstante, o tribunal, ó cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ó formularlle á Presidencia a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas no proceso selectivo.

5. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

DÉCIMO QUINTA. ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS

1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios do Concello, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresar na función pública local e accederen á praza convocada.

2. Os aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por os dous lados.

b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente

dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario de carreira, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgúns requisitos.

DÉCIMO SEXTA. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS E TOMA DE POSESIÓN

1. Concluído o proceso selectivo o aspirante aprobado será nomeado funcionario de carreira, polo presidente, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación do nomeamento; de non facelo, sen existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, o nomeado quedarán na situación de cesante.

DÉCIMO SÉTIMA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais desta convocatoria vinculan a Administración Municipal, o tribunal cualificador e os aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO OITAVA. INCIDENCIAS

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO NOVENA. RÉXIME XURÍDICO

O proceso selectivo regularanse polo disposto nas bases xerais da convocatoria e no non previsto nestas pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia (arts. 32- 43 y 47), Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (arts. 134 -137), o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Real decreto 364/95, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado.

VIXÉSIMA. DISPOSICIÓN FINAL

As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, así como Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

De conformidade co disposto no R.d. 896/91, o programa da convocatoria constaría de 90 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R.d. 364/95 do 10 de marzo, os aspirantes a esta praza da quenda de promoción interna están exentos das materias das que teñan acreditado suficientes coñecementos nas probas de ingreso, quedando reducidos os seguintes 30 temas:

Tema 1.—Evolución histórica del Urbanismo. La Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana. El texto refundido. Los reglamentos de planeamiento, gestión y disciplina.

Tema 2.—Legislación vigente en materia de Ordenación del

Territorio en Galicia. Objeto y principios generales. Clases de instrumentos de Ordenación Territorial.

Tema 3.—Régimen del Suelo. Contenido urbanístico del derecho de propiedad. Derechos y deberes urbanísticos generales. Régimen del Suelo en Municipios sin planeamiento municipal.

Tema 4.—Clasificación del Suelo Urbano y Urbanizable. Régimen de las distintas clases y categorías de Suelo Urbano y Urbanizable.

Tema 5.—Clasificación del Suelo Rústico. Régimen de las distintas clases y categorías de Suelo Rústico. Régimen del Suelo en Municipios sin planeamiento municipal. Vigencia de las Normas Subsidiarias de Ámbito Provincial. Virtualidad de los instrumentos de ordenación del territorio.

Tema 6.—Planeamiento urbanístico. La estructura y los elementos del sistema de planeamiento urbanístico en Galicia.

Tema 7.—Planeamiento urbanístico. El Plan General de Ordenación Urbana: objeto y determinaciones de ordenación general.

- Tema 8.—Planeamiento urbanístico. Las Normas Urbanísticas Municipales: objeto, determinaciones y documentación.
- Tema 9.—Planeamiento urbanístico. El planeamiento de desarrollo: Estudios de Detalle, Planes Parciales y Planes Especiales.
- Tema 10.—Planeamiento urbanístico. Elaboración. Aprobación: disposiciones comunes. Aprobación del planeamiento general y del planeamiento de desarrollo.
- Tema 11.—Gestión urbanística. Concepto y modalidades. Sujetos intervinientes. Entidades urbanísticas colaboradoras.
- Tema 12.—Actuaciones Aisladas: urbanización, normalización, expropiación, ocupación directa.
- Tema 13.—Actuaciones Integradas. Objeto y gestión. Unidades de Actuación. El Proyecto de Actuación. Otras disposiciones generales. El concierto, la compensación y la cooperación.
- Tema 14.—Intervención en el uso del suelo: La Licencia Urbanística.
- Tema 15.—Inspección Técnica de Construcciones. Orden de Ejecución. Declaración de Ruina. Venta Forzosa.
- Tema 16.—Protección de la legalidad urbanística. Competencias. Inspección Urbanística. Medidas de protección y restauración de la legalidad.
- Tema 17.—Infracciones y sanciones urbanísticas. Procedimiento sancionador. Otras medidas de protección de la legalidad. Inactividad municipal.
- Tema 18.—Intervención en el mercado de suelo. Patrimonios Públicos de Suelo. Derecho de tanteo y retracto. Derecho de superficie. Programas Municipales de Suelo.
- Tema 19.—Organización y coordinación administrativa en materia de urbanismo. Entidades y órganos urbanísticos especiales. Órganos de coordinación administrativa.
- Tema 20.—Información urbanística y participación social en materia de urbanismo. Información urbanística. Información pública. Convenios urbanísticos.
- Tema 21.—El proyecto arquitectónico: descripción general y objeto. Disposiciones en materia de redacción de proyectos y dirección de obra. La memoria: definición, contenido y alcance. Las mediciones y presupuestos: criterios de medición y valoración, formación de precios. El pliego de condiciones: definición y clasificación: condiciones técnicas, facultativas, económicas y legales.
- Tema 22.—El proyecto arquitectónico: descripción general y objeto. Estudio de seguridad y salud: definición, alcance y contenido. La documentación gráfica del proyecto: grados de definición, alcance y contenido. Gestión informática del proyecto: Clases de aplicaciones, descripción general.
- Tema 23.—La Normativa Técnica de aplicación en la Edificación, relación, clasificación, conceptos generales. El Código Técnico de la Edificación, estructura y contenido.
- Tema 24.—La normativa técnica de aplicación en la construcción, resumen general. Especial referencia al proyecto y ejecución de obras en hormigón armado. Conceptos fundamentales. Acciones en la edificación, criterios y metodología de cálculo.
- Tema 25.—La normativa técnica de aplicación en la construcción, resumen general. Especial referencia a las condiciones de protección contra incendios en los edificios. Conceptos fundamentales. Criterios y metodología de cálculo.
- Tema 26.—Acondicionamiento del terreno. Características del terreno, estudios geotécnicos. Cimentaciones normales y especiales. Pilotajes.
- Tema 27.—La Estructura: Definición. Estructuras de hormigón, acero, mixtas y de fábrica. Estudio comparativo.

Tema 28.—Las instalaciones en la Edificación. Instalaciones en el suministro y evacuación de agua. Instalaciones de calefacción, climatización y agua caliente sanitaria. Clasificación y tipologías. Sistemas y elementos constructivos. Principios de cálculos. Normativas de aplicación.

Tema 29.—Legislación sobre vivienda. Resumen de la evolución histórica. Características constructivas y de diseño. Promoción pública y privada. Organismos públicos de promoción.

Tema 30.—Normativa sobre accesibilidad y supresión de barreras en Galicia.

O Grove, a 25 de agosto del 2010.—El Alcalde, José A. Cacabelos Rico.

2010011171

* * *

MEAÑO

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 11 de outubro de 2010, o expediente de modificación de créditos: SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 3/2010 e CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 3/2010 ao Orzamento Municipal 2010, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería obtido da liquidación do Orzamento 2009, exponse ao público, ó abeiro do artigo 169 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do Concello de Meaño e no Taboleiro de Edictos do Concello por un período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas. O devandito expediente considerárase definitivamente aprobado de non presentarse reclamacións ao mesmo.

Meaño, 13 de outubro de 2010.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal.

2010011118

* * *

M O S

A N U N C I O

Rematado o período de exposición ao público e non téndose presentadas reclamacións enténdese definitivamente adoptado o acordo plenario de data 27.05.2010 de aprobación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E INMOBILIZACIÓN E DEPÓSITO DOS MESMOS cuxo texto se reproduce a continuación:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RETIRADA DE VEHÍCULOS
DA VÍA PÚBLICA E INMOBILIZACIÓN E DEPÓSITO DOS MESMOS

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

Este Concello, conforme ó autorizado polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 71 da Lei de Seguridade Vial, este Concello establece a TAXA POR RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E INMOBILIZACIÓN E DEPÓSITO DOS MESMOS.

Artigo 2º. Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo da Taxa:

1. Inmovilización de vehículos.
2. A retirada das vías públicas de aqueles vehículos aparcados en zona non permitida ou que perturben a circulación nas mesmas, ou se atopen abandonados.